

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución Especializada Xurídico-Administrativa: Francés-Galego-Francés / Francés-Español-Francés

Materia	Tradución Especializada Xurídico-Administrativa: Francés-Galego-Francés / Francés-Español-Francés			
Código	V01M128V01211			
Titulación	Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego Inglés Outros			
Departamento				
Coordinador/a	Garrido Vilariño, Xoán Manuel			
Profesorado	Garrido Vilariño, Xoán Manuel			
Correo-e	garrido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos da materia Tradución Especializada Xurídico-Administrativa: Francés-Galego-Francés / Francés-Castelán-Francés son dous: Por unha banda [como obxectivo profesional xeral], reiniciar ao alumnado na comunicación interlingüística e intercultural de conceptos especializados pertencentes a uns tipos de especialidade temática moi determinados, con vistas a consolidar a súa formación como especialista na mediación comunicativa bilingüe (Francés-Galego/Español-Francés) dentro do ámbito moi específico dos Servizos Públicos da Administración: Sanidade, Educación e Xustiza Por outra, formar especialistas en tradución capaces de traducir directae inversamente (do francés (L2) ao galego/castelán (L1) e do Galego/castelán (L1) ao francés (L2), respectivamente) textos especializados que fornecen uns moi determinados efectos legais no sistema xurídico e a administración da lingua de partida e que, ao ser traducidos, han de fornecer eses mesmos efectos legais e non outros no sistema xurídico e a administración da lingua de chegada. Tanto para o primeiro como para o segundo obxectivo, farase especial fincapé no bo uso das principais e adecuadas fontes de consulta terminolóxica (léxicos, glosarios e dicionarios unilingües, bilingües e plurilingües) e de documentación temática (enciclopedias e dicionarios enciclopédicos) que editadas en papel e na rede (os múltiples recursos electrónicos que ofrece Internet) están a disposición do especialista en tradución de hoxe en día. Toda clase de tradución especializada posúe unha forte orientación instrumental cara á correcta e normativa redacción dos distintos tipos de textos especializados non só na L1 do alumnado senón tamén, e sobre todo, no seu L2. De feito, para o obxectivo primordial e específico desta materia, resulta imprescindible superar ao longo do máster a principal dificultade coa que se enfronta o alumno ao principio do mesmo: a lectura, comprensión, interpretación, análise e tradución das distintas linguaxes especializadas españois e franceses utilizados nos textos xerados por administracións ou organismos locais, autonómicos, nacionais ou internacionais, nos textos redactados polas institucións xurídicas nas súas diferentes decisións xurisdiccionais. Textos xurídicos e administrativos, todos eles, que constituíron ou poidan constituír un encargo real de tradución xurídica e/ou xurada O perfeccionamento das técnicas de redacción de textos xurídicos e administrativos en galego /castelán e franceses resulta ser a destreza máis importante que se pretende nesta materia. Como profesional da tradución administrativa/xurídica e xurada, o alumnado debe perfeccionar as técnicas de redacción especializada en galego/castelán e en francés, así como coñecer cal vai ser o seu lugar exacto dentro do mercado da Tradución Profesional: as relacións, obrigacións e dereitos laborais, sociais e fiscais que implica; a responsabilidade do chamado «produto acabado»; os prazos de entrega do mesmo; os máis que frecuentes límites de acceso á documentación; etc. Todos os exercicios emularán non só a contorna sociolaboral no que traballa o profesional da tradución especializada de textos xurídicos e administrativos, en xeral, e sobre todo, o espazo no que actúa como auténtico fedatario público o tradutor/intérprete xurado, moi en particular.			

Competencias de titulación

Código

A1	Capacidad para aplicar los principios prácticos de la investigación empírica en T/I en su doble vertiente experimental y observacional y para desarrollar el procesamiento de la información en su aplicación al estudio de T/I.
A2	Capacidad para diseñar trabajos experimentales, observacionales y estudios de campo en T/I y para desarrollar en la práctica esos principios mediante la elaboración, presentación y discusión de proyectos reales de investigación empírica en T/I.
A3	Capacidad para analizar, reconocer y evaluar la transcendencia ideológica y sociocultural de una política de traducción para una cultura o comunidad.
A4	Saber establecer un método de trabajo de campo cuyas hipótesis non estén condicionadas por el estado de la cuestión clásico en traductología.
A5	Reconocer y categorizar como traductoras muchas prácticas sociales y multimodales que, dependiendo de las normas establecidas, no son habitualmente reconocidas como tales. Como consecuencia, promover la legitimidad de estas prácticas, tanto profesionales como ocasionales, e incrementar la dimensión teórica de los estudios de traducción e interpretación.
A6	Saber fomentar las buenas prácticas de reciprocidad social en investigación, animando a la persona investigadora a alimentar el diálogo universidad-sociedad mediante la observación directa y el contacto necesarios con la sociedad en la que vive.
A8	Saber diseñar, planificar y realizar un trabajo empírico de investigación en interpretación, ya sea observacional, experimental o un trabajo de campo, entrevista o cuestionario para la investigación.
A9	Dominar tanto las habilidades de redacción de un trabajo de investigación que incluya todas y cada una de las secciones que la investigación empírica exige como las habilidades de presentación y defensa pública de un trabajo empírico de investigación.
B1	Construir una visión holística de los fenómenos de traducción, interpretación y paratraducción en relación con otras actividades y disciplinas científicas.
B3	Conocer a nivel avanzado los métodos de investigación empírica más importantes aplicables a entornos laborales en especialidades y disciplinas relacionadas con la traducción y la interpretación.
B4	Aprender a diseñar, planificar y realizar un trabajo empírico de investigación, ya sea observacional, experimental o un trabajo de campo, entrevista o cuestionario para la investigación.
B5	Asimilar las aportaciones teóricas de interés mutuo entre los estudios traductológicos y otras disciplinas relacionadas.
B7	Poder evaluar el capital social, económico y simbólico de los distintos agentes que intervienen en los distintos procesos relacionados con la traducción /interpretación.
B8	Capacidad para traducir, corregir y revisar productos para la pantalla mediante varias modalidades como por ejemplo doblaje, subtitulación (interlingüística y intralingüística), voces superpuestas y audiodescripción, teniendo en cuenta el cliente y el destinatario.
B9	Capacidad de aprendizaje autónomo y continuo de los contextos técnicos y teóricos relacionados con el proyecto de investigación con el cual se está colaborando.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Capacidade para aplicar os principios prácticos da investigación empírica en T/I na súa dobre vertente experimental e observacional e para desenvolver o procesamiento da información na súa aplicación ao estudo de T/I.	A1	
Capacidade para deseñar traballos experimentais, observacionais e estudos de campo en T/I e para desenvolver na práctica eses principios mediante a elaboración, presentación e discusión de proxectos reais de investigación empírica en T/I.	A2	
Capacidade para analizar, recoñecer e avaliar a transcendencia ideolóxica e sociocultural dunha política de tradución para unha cultura ou comunidade.	A3	
Saber establecer un método de traballo de campo cuxas hipóteses non estean condicionadas polo estado da cuestión clásica en tradutoloxía.	A4	
Recoñecer e categorizar como tradutoras moitas prácticas sociais e multimodais que, dependendo das normas establecidas, non son habitualmente recoñecidas como tales. Como consecuencia, promover a lexitimidade destas prácticas, tanto profesionais como ocasionais, e incrementar a dimensión teórica dos estudos de tradución e interpretación.	A5	
Saber fomentar as boas prácticas de reciprocidad social en investigación, animando á persoa investigadora a alimentar o diálogo universidade-sociedade mediante a observación directa e o contacto necesarios coa sociedade na que vive.	A6	
Saber deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación en interpretación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación.	A8	
Dominar tanto as habilidades de redacción dun traballo de investigación que inclúa todas e cada unha das seccións que a investigación empírica esixe como as habilidades de presentación e defensa pública dun traballo empírico de investigación.	A9	
Construír unha visión holística dos fenómenos de tradución, interpretación e paratradución en relación con outras actividades e disciplinas científicas.		B1
Coñecer a nivel avanzado os métodos de investigación empírica máis importantes aplicables a contornos laborais en especialidades e disciplinas relacionadas coa tradución e a interpretación.		B3

Aprender a deseñar, planificar e realizar un traballo empírico de investigación, xa sexa observacional, experimental ou un traballo de campo, entrevista ou cuestionario para a investigación.	B4
Asimilar as achegas teóricas de interese mutuo entre os estudos tradutolóxicos e outras disciplinas relacionadas.	B5
Poder avaliar o capital social, económico e simbólico dos distintos axentes que interveñen nos distintos procesos relacionados coa tradución /interpretación.	B7
Capacidade para traducir, corrixir e revisar produtos para a pantalla mediante varias modalidades por exemplo dobraxe, subtitulación (interlingüística e intralingüística), voces superpuestas e audiodescrición, tendo en conta o cliente e o destinatario.	B8
Capacidade de aprendizaxe autónoma e continua dos contextos técnicos e teóricos relacionados co proxecto de investigación co cal se está colaborando.	B9

Contidos

Tema	
1. A tradución especializada xurídica e administrativa (TEXA)	1.1. A comparación de conceptos e institucións xurídicas e administrativas 1.1.1. A TEXA como actividade profesional 1.1.2. Características da TEXA 1.1.3. A TEXA directa e inversa
2. A tradución xurada	2.1. A figura legal do intérprete/tradutor xurado en Galicia e nos países francófonos. 2.2. A regulación do exercicio profesional 2.3.A tradución xurada directa e inversa 2.4. A paratraducción da tradución xurada 2.5.Tipos de paratextualidade en tradución xurada 2.6. Aspectos ortotipográficos da dilixencia fedataria
3. A Tradución Xurídica e Xurada Francés-Galego-Francés/ Francés-Español-Francés	3.1. A Xustiza e a Administración de/ nunha comunidade bilingüe 3.2. Bilingüismo e tradución de textos xurídicos e administrativos 3.3. Ministerio de Asuntos Exteriores versus Xunta de Galicia: Tradutor Jurado/ Tradutor Xurado.
4. Tipoloxía de Textos Xurídicos	4.1. O discurso lexislativo 4.2. O discurso Xurisdiccional 4.3. Máximas e adagios de Dereito
5. A Organización Xurisdiccional Francesa.	5.1. Xurisdición administrativa francesa 5.2. Xurisdición xudicial francesa
6. A Organización Xurisdiccional Española.	6.1. Xurisdicción administrativa española 6.2. Xurisdicción Xudicial española
7.Os axentes de Xustiza en Francia e noutros países Francófonos.	7.1. Le magistrat du siège 7.2. Le magistrat du Parquet

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Debates	4	50	54
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	10	12
Foros de discusión	0	28	28
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminarios	4	50	54

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Debates	Prácticas en clase ou a través da plataforma e-learning FAITIC.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia do alumnado a actividades de formación docente.
Foros de discusión	Ferramenta virtual para presentación de dúbidas.
Actividades introdutorias	Clases de presentación do curso e da metodoloxía de traballo.
Seminarios	Clases de aplicación dos contidos teóricos e de desenvolvemento do traballo propio da/do estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	O alumnado que precisar apoio atenderase en titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Debates	Saber construír un discurso científico razoado e coherente con respecto aos temas propostos, empregando para iso os conceptos revisados e aplicados nas prácticas de campo.	25
Eventos docentes e/ou divulgativos	Análise razoada e pormenorizada co fin de demostrar a adquisición de todos e cada un dos obxectivos expostos neste curso.	25
Foros de discusión	Saber construír un discurso razoado e coherente respecto dos temas propostos nos distintos artigos.	25
Seminarios	Correcta aplicación de conceptos e metodoloxías nos casos prácticos propostos para traballar.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Cornu, G. (2000) *Linguistique juridique.* París: Mochrestien.

Pardo Pardo, M. (1999) *La organización judicial francesa y española en la traducción de documentos jurisprudenciales.Proyecto* de Fin de Carrera dirigido por José Yuste Frías. Licenciatura de Tradución e Interpretación. Universidade de Vigo. Inédito

Yuste Frías, José (1999) «Problemas e solucións para a aprendizaxe da lingua xurídica en traducción», en *Viceversa,* nº 5. 145-148. Artículo disponible en red : http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias%201999e.pdf y también en: http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/num5.htm

traducteurs, terminologues et interprètes, *Ginebra*: astti, Bern y eti, pp. 491-502. Capítulo disponible en red:

http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias%202005c.pdf y también en:

http://www.tradulex.org/Actes2000/Yuste.pdf

Recomendacións